

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE A CONSELLERÍA DE SANIDADE E O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE PARA A IMPLANTACIÓN DO PROGRAMA *ACOMPANÑAMENTO NOS HOSPITAIS E CENTROS DE SAÚDE* NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

MEMORIA DE TRANSPARENCIA

Lara del Carmen Meneses Álvarez, directora xeral de Xuventude da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

DECLARA:

Que esta Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude formalizou coa Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 11 de marzo de 2025 ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer unha canle de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Xuventude, e o Servizo Galego de Saúde, para a implantación, a través das distintas Xerencias das Áreas Sanitarias do Servizo Galego de Saúde, do programa Acompañamento nos hospitais e centros de saúde, un programa de humanización consistente no acompañamento con persoas voluntarias as persoas usuarias e visitantes que reciben asistencia sanitaria nalgún centro público do Servizo Galego de Saúde.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou fundaméntase no seguinte:

Á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, de conformidade co artigo 17 do Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica, correspóndelle a



dirección e xestión das actuacións en materia de voluntariado, a elaboración e o seguimento dos instrumentos de planificación, de rexistro, da xestión dos órganos colexiados e todas aquelas actuacións en aplicación da Lei galega 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria.

A Lei 8/2008, de 10 de xuño, de Saúde de Galicia, dispón que a colaboración das organizacións de voluntarios e cooperantes coas organizacións sanitarias adscritas ou vinculadas á Consellería de Sanidade poderá instrumentarse, no seu caso, a través de convenios, concertos, programas de subvencións e outros, de conformidade coa natureza da colaboración que pretenda establecerse. Ningunha colaboración individual ou colectiva, implicará relación laboral coa administración sanitaria.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde consideran de máximo interese, colaborar na promoción de actividades no ámbito do voluntariado e concretamente en humanizar a atención sanitaria ás persoas usuarias dos centros públicos asistenciais cunha atención ademais de profesionalizada tamén orientada ao seu benestar; actuacións que necesariamente deberán influír no desenvolvemento comunitario.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do acordo, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asíñase esta memoria en Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

